



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA VINTE E UN DE SETEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 14:10 horas do día 21 de setembro de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásase a tratar o asunto incluído na orde do día.

1.- EXPEDIENTE DE CONTRATACION SUBMINISTRO DE VEHICULO ADAPTADO PARA CENTRO DE MAIORES E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO

Visto o expediente de contratación do subministro dun “vehículo adaptado para Centro Social de Maiores e Centro de día de Boimorto” CSPN1/2011, constando prego de prescricións técnicas cun orzamento de execución por contrata de 127.794,00 euros iva incluído (valor estimado 108.300,00 euros iva 19.494,00), iniciado e aprobado dito expediente por Decreto de Alcaldía 297/2011 de data 14/09/2011, constando no expediente informe de data 12/09/2011 da secretaria interventora de reparo suspensivo a esta contratación, xa autorizada polo Pleno municipal previa explicación da Alcaldía da necesidade de realización de contratación anticipada.

Vistos os pregos de prescricións particulares e técnicas que haberán de rexer a contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Remitidas invitacións para participar a: UNVI CIF A-32154015, FAREBUS CIF B-14464176 e a INTURASA Pérez Rumbao S.A. CIF A-36122174.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 20/09/2011 que se reproduce literalmente:

<< DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).-----

CERTIFICO: Que en cumprimento do acordo adoptado por Decreto de Alcaldía 297/2011 de data 14/09/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do subministro dun vehículo adaptado para Centro Social de Maiores e Centro de día de Boimorto e outorgado un prazo de tres días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas, presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

- UNVI (con CIF A-32154015):

presentou no Concello de Boimorto en data 19/09/2011 escrito con rexistro de entrada nº 1318 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

- FAREBUS (con CIF B-14464176):

presentou no Concello de Boimorto en data 20/09/2011 escrito con rexistro de entrada nº 1323 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

- INTURASA Pérez Rumbao S.A. (con CIF A-36122174) presenta:

Sobre A con entrada nº 1320 en data 19/09/2011

Sobre B con entrada nº 1321 en data 19/09/2011

Sobre C con entrada nº 1322 en data 19/09/2011

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde en Boimorto, vinte de setembro de 2011.

Vº Pr.

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Pola secretaria procédese a apertura do sobres A presentado pola empresa INTURASA Pérez Rumbao S.A. sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando acreditada a capacidade e solvencia segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación. Continúa a secretaria coa apertura do sobre B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos para este sobre non ofertándose un aumento do prazo de garantía do vehículo..

Seguido aperturase o sobre C que contén a oferta económica comprobando que o licitador realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 127.440,00 euros iva incluído, acadando a puntuación de 0,55 puntos.

Total INTURASA Pérez Rumbao S.A. = 0,55 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación, pregos aprobados por Decreto de Alcaldía 297/2011 de data 14/09/2011, a Xunta de Goberno Local por unanimidade outorgou a dita oferta 0,55 puntos en aplicación do Anexo Nº 3II do prego que contén criterios de valoración para a adxudicación do contrato e por unanimidade, en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia e en aplicación do artigo 135.2 da Lei 30/2007 de contratos do sector público **ACORDOU:**

PRIMEIRA.- Declarar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada por INTURASA Pérez Rumbao S.A., na contratación do subministro dun vehículo adaptado para Centro Social de Maiores e Centro de día de Boimorto CSPN1/2011, que deberá cumprir o sinalado nos pregos que forman parte da presente licitación e da oferta presentada, polo prezo sen IVE 108.000,00 euros IVE 19.440,00 euros..

SEGUNDO.- Requerir a INTURASA Pérez Rumbao S.A. para que no prazo de cinco días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 5.400,00 euros (5% **importe adxudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez